

6.1. Introducción

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, define no seu artigo 9, a formación profesional, nos seguintes termos: “A formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ó emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais”.

Tres son as pezas institucionais que contribuíron de xeito básico a deseña-lo sistema de formación profesional en España. A primeira artículase en torno ó sistema educativo. A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) redefiniu o papel da formación profesional regulada, establecendo qué tipo de ensinanzas poden conducir á obtención de titulacións, con validez académico profesional, e cales outras forman parte da formación integradora

do propio sistema educativo, con cualificacións amplas e polivalentes. En segundo lugar, o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) “ocupacional” diríxese a traballadores desempregados co dobre e combinado obxectivo de proporcionarlle as cualificacións requiridas polo sistema productivo e a súa inserción no mercado de traballo. Finalmente, e dentro do campo das relacións laborais, está a formación profesional continua, cun conxunto de accións formativas que desenvolven as empresas, dirixidas tanto á mellora de competencias e cualificacións como á recualificación de traballadores ocupados.

Neste capítulo, pola súa pertenza ó ámbito educativo xeral, non corresponde aquí trata-la primeira polo que tan só nos imos ocupar das dúas últimas.

A **formación profesional ocupacional** é competencia, desde o 1 de xaneiro de 1993 da Xunta de Galicia e, concretamente, da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. As funcións e servizos da Administración do Estado asumidos pola Xunta de Galicia, así como aqueloutros que se reserva a Administración do Estado, son os contidos no anexo ó Real Decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, polo que se produce o oportuno traspaso de funcións e servizos. Ó que aquí interesa, convén subliñar que a Xunta de Galicia asume a xestión do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), aínda que a aprobación do propio Plan resérvao a Administración do Estado, quen vén de elaboralo coa colaboración das comunidades autónomas.

Xunto ó Plan FIP, a Xunta de Galicia conta, ademais, cun programa de apoio da UE para formación, que cofinancian ámbalas institucións (a Xunta aporta o 25%) e polo que xestiona as programacións que se derivan das orientacións plurianuais do Fondo Social Europeo (FSE).

A **formación continua** non foi transferida ás comunidades autónomas e desenvolve as súas funcións a través da Fundación para a Formación Continua (FORCEM), impulsando e difundindo a Formación Continua entre os traballadores e as empresas, xestionando as axudas e realizando o seu seguimento e control técnico.

A formación en Galicia respondeu ó mesmo contexto descrito, a necesidade de mellorar resultados e a mellora de obxectivos propiciou o Plan Nacional de Formación Profesional do 13 de marzo de 1998, onde os seus obxectivos e medidas enmárcanse na comentada política europea, sendo unha das súas novidades salientables a necesidade de concreta-los Plans de acción que os estados membros presentarán cada ano.

Unha liña fundamental do Plan constitúea o desenvolvemento do novo Programa Nacional de Formación Profesional, acordado no Consello Xeral da Formación Profesional coas comunidades autónomas e os axentes sociais como elemento fundamental do aumento da empregabilidade para os colectivos máis desfavorecidos no mercado de traballo, integrando a formación regulada, a formación ocupacional e a formación continua. Programa que pretende fomenta-la oferta formativa e dotar de prestixio a formación profesional. O obxectivo é actuar sobre a poboación desempregada que permanece cinco e once meses en situación de desemprego, emprendendo accións de emprego ou empregabilidade (formación e orientación).

Á hora de analizar anualmente a xestión realizada en materia de formación debemos seguir inevitablemente o guión de obxectivos proposto polo Plan Nacional que enmarca os acordos subscritos no ámbito autonómico.

Partimos por isto do enunciado de principios contido no capítulo IV do Plan Nacional que establece como obxectivos da Formación Profesional Ocupacional, os seguintes:

■ O obxectivo xeral, como política activa de emprego, diríxese prioritariamente a potencia-la inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais, que poderá acreditarse mediante as certificacións correspondentes.

■ Polo mesmo, debe adecuarse á oferta de emprego, actual ou previsible a curto prazo, sen prexuízo de que as cualificacións que ofrezca teñan horizonte de futuro.

■ A oferta formativa ocupacional instrumentarase en función das características da poboación desempregada, distinguindo, en principio, a dirixida a mozos en busca da súa inserción, a dirixida a persoas adultas que necesitan reinsertarse, incluídas as mulleres, e finalmente, a orientada a colectivos específicos con especiais dificultades para a inserción ou reinserción.

■ A característica específica da oferta formativa ocupacional debe se-la súa capacidade de resposta inmediata á oferta de emprego que require continua evolución e formación de tal oferta na economía globalizada.

■ A oferta e a xestión da formación ocupacional debe ter presente os obxectivos básicos do presente Programa Nacional, polo que as súas cualificacións deben axustarse ó Sistema Nacional de Cualificacións, permitindo o seu recoñecemento e validación nos restantes subsistemas.

■ Así mesmo, debe operar tendo en conta os datos ofrecidos polo Observatorio sobre Evolución das Cualificacións e o Emprego e ofrecer certificacións transparentes no mercado nacional e comunitario.

■ A oferta de formación ocupacional debe articularse co sistema de información e orientación dos diferentes Servicios Públicos de Emprego.

■ Finalmente, debe operar con criterios de calidade que permitan mellora-la súa xestión e avalia-los seus resultados.

6.2. Formación Ocupacional

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude remitiu ó Consello Galego de Relacións Laborais un informe e 10 anexos sobre formación ocupacional en Galicia no ano 2001”.

6.2.1. Análise de resultados de 2001

A convocatoria correspondente a este ano realizouse mediante Orde do 16 de novembro de 2000, que foi modificada en parte, trala entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 438/2001, do 2 de marzo, reforzando medidas garantistas na

xestión e control do gasto dos cursos, por Orde do 29 de xuño de 2001 (DOG 13.07.2001).

O 30 de maio de 2001 aprobouse no Consello Galego de Formación Profesional, o Plan Galego de Formación Profesional, ratificado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de xuño. O PGFP aprobouse co apoio das organizacións sindicais e empresariais galegas (co voto favorable de UGT, CCOO e CEG e a abstención da CIG) e cun amplo consenso técnico e político en canto ó diagnóstico da formación profesional na comunidade e sobre os obxectivos, plans, programas e medidas, e medios financeiros que encadrarán a xestión da formación profesional en Galicia ata o ano 2006. Por vez primeira, e de forma innovadora no conxunto do Estado, o PGFP diseña un sistema integrado de cualificacións e formación profesional que comprende a actividade formativa ó longo de toda a vida activa, que artella as diferentes ofertas públicas (inicial regrada, ocupacional e continua), anticipa os medios financeiros disponibles para o período de programación que se corresponde co Plan Estratéxico de Galicia (PEDEGA) e co Programa Operativo Integrado dos Fondos Estructurais (particularmente do FSE), e dispón un modelo coherente de análise de necesidades, cualificacións, competencias, formación, avaliación e acreditación. Por último, e tamén dun xeito pioneiro, introduce a orientación profesional como parte do sistema, coa previsión de complementariedade entre a orientación académica e a orientación profesional e laboral.

Naturalmente, o PGFP parte das limitacións propias do cadro competencial que corresponde ás instancias autonómicas, tanto á Xunta de Galicia como ó propio órgano de concertación e representación social na materia, o Consello Galego de Formación Profesional. Esixe, polo tanto, para o seu pleno desenvolvemento, de reformas normativas que competen á administración e ó lexislador estatal. Pero é certo que a elaboración do PGFP fíxose en paralelo ó proceso de elaboración da nova Lei Orgánica de Cualificacións e Formación Profesional, aprobada finalmente en xuño de 2002, e, polo tanto, co obxectivo de ter artelladas tódalas pautas de actuación necesarias para a creación dun sistema coherente de cualificacións, orientación e formación profesional en cooperación entre a administración e os axentes sociais, e tan pronto como o fixera posible o marco normativo. Coa aprobación da Lei, o PGFP alcanza un carácter precursor e anticipa a concreción posible da Lei nun territorio autonómico, co consenso de tódalas partes implicadas, e cos plans, programas e medidas necesarios para cumprir cos grandes retos da formación profesional: a existencia dun referente de cualificacións e competencias profesionais común á formación e ó emprego; a creación de órganos de concertación e planificación sectoriais, chamados “comisións e sectoriais” e “comisións de estándares profesionais” capaces de anticipa-las necesidades formativas de cada sector de actividade e de propoñe-las modificación necesarias no contido curricular dos programas formativos, sexa no ámbito inicial/específico, ocupacional ou continuo; a creación dun órgano de cooperación e coordinación intrainstitucional que oriente tódalas actuacións da Xunta de Galicia nesta materia, baixo a fórmula da Comisión Interdepartamental das Cualificacións e a Formación Profesional; a posta en marcha dunha oferta formativa integrada, que permita utiliza-los medios didácticos de cada subsistema de formación profesional para outro, programando, por exemplo, cursos de formación ocupacional en centros regrados de formación profesional, ou realizando módulos de ciclos formativos en centros homologados de formación ocupacional; en coherencia co anterior, a creación de centros integrados de for-

mación profesional; o aproveitamento dun observatorio ocupacional común ó ámbito do emprego e da educación, adscrito ó Instituto Galego das Cualificacións e, polo tanto, ó Servicio Público de Emprego de Galicia; a articulación dun sistema integrado de orientación profesional, común ós estudantes e á poboación activa, ocupada ou desempregada; a previsión, aínda non desenvolvida no marco estatal, dun sistema común de avaliación, recoñecemento e acreditación, que permita, dunha banda, avaliar, recoñecer e acreditar-la competencia profesional dos cidadáns, máis aló das titulacións ou diplomas oficiais, e, doutra, artella-las correspondencias e convalidacións modulares entre a formación adscrita ó sistema de cualificación, sexa esta, inicial, ocupacional ou continua.

Estas actuacións artículanse en torno a catro eixes fundamentais:

En primeiro lugar, a elaboración dunha **programación anual** de formación profesional ocupacional que responda ás necesidades do mercado laboral así como ás características do desemprego galego.

En segundo lugar, a configuración dunha **rede de centros** de formación ocupacional, a nivel autonómico, dotados dos medios e materiais axeitados, que garantan a impartición con calidade dos cursos da programación, nas diferentes especialidades e sectores profesionais.

En terceiro lugar, **a cualificación dos docentes** encargados de impartir-las cursos da programación de formación profesional ocupacional, dirixida a proporcionar-lles a capacidade metodolóxica e os coñecementos técnicos necesarios, así como a súa actualización e perfeccionamento, para unha impartición axeitada destes cursos.

En cuarto lugar, o establecemento dun **sistema de seguimento e avaliación** da programación formativa, obxectivo e rigoroso, que permita coñecer en cada momento como se están desenvolvendo todos e cada un dos cursos incluídos nesta programación (instalacións, equipos, medios didácticos, programas formativos, profesorado, nivel de organización e xestión), así como o grao de satisfacción dos alumnos, como o único instrumento válido para poder realizar unha avaliación individualizada da programación, permitindo reconducir-las desviacións que se puideran apreciar.

Xestión da formación profesional ocupacional (cadro 6.1)

I. Programación de formación profesional ocupacional

As dúas vías coas que conta a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para a elaboración da programación anual de formación profesional ocupacional, son as seguintes:

- Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, Plan FIP.
- O Fondo Social Europeo, FSE.

Do cadro 6.1, que resume a programación anual de Galicia podemos extrae-las notas que caracterizaron, a grandes trazos, a formación ocupacional en 2001.

A evolución nos últimos cinco anos amosa cambios nas cifras de actividade. Así, contemplando os informes dos últimos anos variaron as cifras globais de orzamentos -comprendendo a totalidade, é dicir, FIP e FSE- asignada á materia formativa; asemade, o número de alumnos formados anualmente, e mesmo o número de cur-

sos. Outro cambio produciuse polo transvase de recursos, antes canalizados a programas do Fondo Social Europeo e hoxe reorientados a programas FIP, o que non deixa de te-la súa lóxica xa que ámbolos programas tenden a buscar complementariedade e especialización.

É patente a absoluta preponderancia que o Plan FIP ten no global da programación como a continuación examinaremos.

Resumo da Formación Ocupacional. Galicia. 2001

■ Cadro 6.1

	Cursos	Alumnos	Orzamento
FIP (excluídos compromisos de contratación)	1.305	21.184	6.289.855.035
Compromisos de contratación FIP	159	2.359	553.088.678
Compromisos de contratación FSE	4	69	39.692.075
Medios propios	155	2.254	597.670.851
Plan autonómico de formación de formadores	26	361	10.148.334
Outras accións formativas	202	4.202	490.455.880
Total	1.851	30.429	7.980.910.853

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

1.1. Plan FIP

A normativa básica reguladora do Plan FIP está contida no Real Decreto 631/1993, do 3 de maio, desenvolvido pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994 que, a súa vez, foi modificada pola Orde do 20 de setembro de 1995. Neste marco xurídico a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude publicou a Orde do 16 de novembro de 2000, que foi modificada, trala entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 438/2001, do 2 de marzo, reforzando a medida garantista na xestión e control do gasto dos cursos, pola nova Orde do 29 de xuño de 2001, pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó exercicio de 2001 (DOG nº 228, do 24 de novembro de 2000).

Como indicabamos, a actividade da administración desenvolve os obxectivos cualitativos xerais, ó tempo que os cuantitativos contidos para cada exercicio, inicialmente nos *Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001*, e en concreto no relativo ós programas de mellora da empregabilidade.

Máis dificultade ten recoñece-lo cumprimento dos obxectivos cualitativos esenciais á acción formativa, expostos e enunciados no capítulo IV do Plan Nacional. En tal sentido, os datos ofrecidos no citado balance limítanse á convocatoria anual e a narrar número de cursos, número de alumnos e orzamentos asignados ós diferentes programas. Non se explicitan contidos formativos que prioricen, previa identificación en plans ou programas anuais das cualificacións que requiran resposta inmediata á oferta de emprego, conectando as necesidades inmediatas de emprego

actual ou previsible a curto prazo, co obxectivo esencial que non é outro que a inserción e reinserción profesional dos demandantes de emprego, supeditando e condicionando os medios formativos a tal fin. Desde tales esixencias impostas no marco do Plan Nacional e nos acordos subscritos no ámbito galego 2001 foi outro ano de transición.

Non obstante os estudos realizados polo Observatorio Ocupacional en 2001 analizando as prioridades formativas de cara á programación dos cursos de formación ocupacional, feito a partir do estudio de variables do mercado de traballo galego a nivel comarcal e provincial, desde o punto de vista territorial, e a nivel ocupación e sector, permitiron elaborar un cadro comparativo entre ocupacións e especialidades formativas asociadas, facilitando a creación dunha lista de prioridades de programación formativa para cada comarca galega. Comezan a servir de pauta para axustar-las prioridades de programación. Neste ano con tal fin, incrementouse a oferta formativa con medios propios da mesma Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, contratando expertos docentes e adquirindo e equipando novos medios; ó tempo que se publicou un concurso público para contratar a impartición de determinados cursos en especialidades prioritarias, onde a oferta externa é insuficiente.

O Plan Galego de Formación Profesional antes mencionado introduce nos seus oito capítulos unha encomiable descrición dos marcos europeo e nacional, realiza un rigoroso esforzo de reflexión con acertadas descrições da situación e balance no que se encontra a Formación Profesional en Galicia e apunta ideas sobre a necesidade dun sistema máis esixente no que se superen os tons grises esbozados, orientándose cara o que debe ser un sistema integrado de Cualificación e Orientación Profesional, a redifinición de obxectivos e estratexias de actuación, propoñendo un conxunto de programas de mellora a tal fin. O Plan tamén propón programas tales como os de reforzo das institucións da FP, dos órganos institucionais de planificación e dirección da FP, dun incremento na participación dos axentes sociais no sistema; programa de mellora da ordenación do sistema de FP, establecendo unha oferta coordinada, dunha rede integrada e dunha axencia para a xestión integrada; establecemento dunha estrutura integrada de formación de profesorado, de innovación e desenvolvemento da didáctica da FP; de investigación e desenvolvemento das cualificacións e da relación formación-emprego: observación da produción, o traballo e o emprego; plan de I+D sobre as cualificacións e a relación formación-emprego, elaboración das cualificacións vinculadas á estrutura productiva de Galicia. Programa de implantación do sistema de cualificacións: elaboración do catálogo modular integrado de formación asociada ó sistema de cualificacións, plan experimental de implantación do sistema de recoñecemento, avaliación e certificación da competencia da poboación activa e da asociada ó sistema de cualificacións, programas de formación e empresa (calidade e colaboración); programas de información e orientación profesional. Programas de cualificación e FP inicial e regulada; programas de formación continua, programas de cualificación.

Este conxunto de programas, con outros relativos a calidade e avaliación, supoñen o punto de partida, en parte de continuidade con instrumentos e obxectivos que se foron completando nos últimos anos (Consello Galego de Formación Profesional, creado por Decreto 110/1999, do 8 de abril e do Instituto Galego das Cualificacións, regulado por Decreto 93/1999, do 8 de abril). O Balance de 2001

dá conta das medidas necesarias para cumprir en Galicia os obxectivos do II Plan Nacional de Formación Profesional, que comprende as seguintes actuacións:

1. Establecer e amplia-lo sistema de detección de necesidades formativas de carácter sectorial, de modo que se permita a elaboración de Plans formativos para cada sector de actividade. Dentro do Instituto Galego das Cualificacións establécese un Servicio de Observatorio Ocupacional con tal finalidade e a implantación do sistema de investigación do mercado laboral que proporcione un diagnóstico das necesidades formativas existentes no sector productivo galego.

Xa en 2001 realizou e programou as seguintes actividades:

■ Un estudio do mercado laboral das catro provincias galegas contendo as ocupacións máis ofertadas por sectores de actividade e área territorial funcional.

■ Realización de fichas relativas ós requisitos de acceso para as especialidades de formación profesional ocupacional en vigor.

■ Preparación de estudos sectoriais en sectores novidosos ou especificamente galegos, incluídos no PEDEGA, como o sector audiovisual, o sector naval ou o sector da lousa.

■ A realización de estudos a medio e longo prazo con base na explotación de datos do Servicio Público de Empleo.

■ Estudio de liñas metodolóxicas que coordinen criterios para a implantación do sistema de cualificacións profesionais.

2. Elaboración e publicación dun MAPA INTEGRADO (documento ou inventario único) de tódolos recursos de formación profesional existentes en Galicia.

Este mapa concíbese como ferramenta básica de coñecemento que permitirá a programación anual formativa, a interrelación funcional dos subsistemas formativos, tamén instrumento informativo áxil para tódolos organismos implicados na xestión da formación profesional a través dun sistema de información xeográfica.

3. Impulsa-la implantación progresiva dos novos ciclos formativos de formación profesional específica desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a implantación progresiva dos certificados de profesionalidade, coordinadamente no ámbito nacional, a través do Instituto Galego das Cualificacións, estudiando e incluíndo aqueles de ámbito especificamente galego, como o da ocupación de lousista, ou outros, como os posiblemente existentes en sectores como os da construción naval ou audiovisuais, xa indicados.

4. Avaliación da calidade das accións de formación profesional.

5. Prácticas non laborais en empresas. Incorporouse na Orde de convocatoria do Plan FIP para 2001, a posibilidade de impartir tales prácticas propias dos cursos FIP.

O Plan Galego de FP subliña, para tratar de resolver os desaxustes entre oferta formativa e necesidades das empresas, as seguintes accións:

■ Impulso dos cursos con compromiso previo de contratación dos alumnos, promovidos directamente por empresas ou grupos de empresas.

■ Programación de cursos con medios propios da Administración Autonómica, co obxectivo de solucionar as carencias da rede de centros colaboradores homologados.

- Programación de cursos de formación ocupacional en colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia (Pesca e Agricultura, Industria, etc.).
- Programación de accións formativas de carácter experimental e complementario do Plan FIP, cofinanciadas pola Xunta e o Fondo Social Europeo.
- Posta en marcha da rede de orientación laboral (máis de 250 técnicos localizados nas oficinas de emprego da Xunta e en centros asociados).
- Creación, no ano 1999, dun observatorio ocupacional, dependente organicamente e funcionalmente do Instituto Galego das Cualificacións.
- A publicación do «Mapa integrado de recursos de formación profesional en Galicia», no ano 2000.

Neste contexto de dotación de instrumentos, non é fácil ofrecer datos cualitativos sobre o alcance final da formación programada xenericamente; así pois, con tales premisas, os resultados da programación correspondente a 2001, arroxa os seguintes datos:

O Balance infórmanos da programación dun total de 1.851 (2000: 1978) cursos, cun orzamento total de 7.980.910.853 (2000: 8.146.622.949) pesetas, e nos que participaron 30.429 (ano 2000: 32.819) alumnos, contándose tódalas modalidades incluídas no FIP.

Isto reflicte que dos recursos orzamentarios asignados a formación o 85,74% corresponden a formación de desempregados a través da programación FIP.

A distribución territorial destes cursos de formación, realízase con programación interprovincial ou provincial, e segundo as áreas funcionais e o número de desempregados existentes en cada unha delas. No que corresponde ó primeiro dos criterios, os resultados da programación vén dada polo cadro 6.2. Na programación pluriprovincial inclúense 724 cursos, con 11.858 alumnos e un orzamento de 4.019.854.860 pesetas, ó que se lle ten que sumar os 581 cursos, 9.326 alumnos e 2.270.000.175 pesetas de orzamento da programación provincial.

Distribución territorial Plano FIP⁽¹⁾. Por programas e provincias. 2001

■ Cadro 6.2

Programa	Provincia	Cursos	Alumnos	Orzamento
Pluriprovincial		724	11.858	4.019.854.860
Provincial				
	A Coruña	203	3.279	847.826.475
	Lugo	118	1.861	435.589.350
	Ourense	88	1.420	370.126.575
	Pontevedra	172	2.766	616.457.775
	Subtotal	581	9.326	2.270.000.175
Galicia		1.305	21.184	6.289.855.035

(1) Excluídos os de con compromiso de contratación

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

As áreas funcionais son unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades do servizo, tomando sempre como base a división territorial do Mapa Comarcal de Galicia. Con tal figura preténdese agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego nestes.

A continuación recollémo-la programación correspondente ó exercicio de 2001 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias (cadro 6.3). O desenvolvemento da programación dos cursos do Plan FIP para o exercicio de 2001 estivo centrada nos sectores que se especifican no cadro 6.4.

Tendo en conta o tipo de entidades que colaboran na impartición dos cursos de programación da formación profesional ocupacional do Plan FIP dirixido ós desempregados, estes distribúense en tres categorías:

a) Cursos Centros Colaboradores

Observando o anteriormente citado cadro 6.1, vemos que o 78,81% dos orzamentos do Plan FIP-desempregados destínase a formación a través de centros colaboradores de formación.

En 2001 o número de cursos impartidos polos centros colaboradores, previamente homologados, é de 1.305 ós que asistiron un total de 21.184 alumnos, cun orzamento de 6.289.855.035 pesetas.

Estes cursos aprobáronse, como xa queda dito, segundo o establecido na Orde do 16 de novembro de 2000 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación do Plan FIP correspondentes ó exercicio de 2001, a través das Comisións de Avaliación constituídas nos servizos centrais e en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Como xa comentamos en anteriores informes e desde a perspectiva de obxectivos deseñada no Programa Nacional, bótase en falta unha maior concreción, cando menos explicitada publicamente no contido da programación de cada ano para Galicia, as proxeccións e decisións económico-financeiras, que deben, nos termos do capítulo VI do referido Programa Nacional, expresarse anualmente nas correspondentes memorias de xestión ou como observa o obxectivo quinto do capítulo IV, se concreten Plans de actuación formativa a partir da información obtida polos Observatorios e priorizalo de acordo cos Plans anuais de emprego. Xa referimos a importancia dos traballos que está a realiza-lo recién creado Instituto Galego das Cualificacións, dos que cabe subliñar o *Estudio do mercado laboral* en cada unha das catro provincias galegas no que se están a detectar as ocupacións nas que as ofertas de emprego exceden á demanda segundo as áreas funcionais, o que permite orientar ou induci-la homologación destas especialidades territorialmente nos centros colaboradores de formación ocupacional. A necesidade de tales axustes aparece acertadamente exposta na análise xa comentada contida no Plan Galego de Formación Profesional.

O cadro 6.4 informa da distribución sectorial por cursos, alumnos e orzamento asignada a centros colaboradores.

■ Cadro 6.3

FIP 2001
Programación provincial

Provincia	Área	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	A Coruña	189	3.061	937.612.200
	Bergantiños	24	380	112.202.700
	Betanzos	12	202	65.380.575
	Boiro	21	330	86.022.150
	Cee	13	218	52.844.175
	Ferrol-As Pontes	97	1.584	533.683.875
	Melide	10	157	34.270.010
	Ordes	11	173	47.070.600
	Santiago de Compostela	90	1.437	473.319.860
	Subtotal	467	7.542	2.342.406.145
Lugo	A Mariña	62	970	252.970.642
	Chantada-A Ulloa	10	169	66.969.750
	Lugo	140	2.213	675.172.050
	Os Ancares	1	18	5.236.650
	Sarria	18	281	86.377.995
	Terra de Lemos-Quiroga	21	349	108.905.925
	Vilalba	14	219	63.181.850
	Subtotal	266	4.219	1.258.814.862
Ourense	A Limia	16	254	57.972.575
	O Carballiño	13	206	54.746.325
	O Ribeiro	8	129	46.424.850
	Ourense	195	3.129	918.143.330
	Terra de Celanova	5	83	23.789.400
	Terra de Trives	3	46	11.836.500
	Valdeorras	20	345	80.890.875
	Verín	14	235	59.700.600
	Subtotal	274	4.427	1.253.504.455
Pontevedra	Baixo Miño	15	256	83.728.935
	Caldas de Reis	6	96	31.297.050
	O Deza	28	470	156.605.025
	O Morrazo	17	284	86.878.200
	O Salnés	30	471	110.476.455
	Paradanta	1	15	2.256.750
	Ponteareas	8	137	55.990.575
	Pontevedra	64	1.048	236.988.945
	Tabeirós-Terra de Montes	26	421	127.681.125
	Vigo	262	4.157	1.096.315.191
	Subtotal	457	7.355	1.988.218.251
Galicia		1.464	23.543	6.842.943.713

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por sectores. Galicia. 2001
■ Cadro 6.4

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	222	3.662	1.021.047.900
Agricultura	41	675	185.157.525
Artesanía	26	428	175.764.450
Automoción	14	234	122.000.850
Comercio, marketing e vendas	61	976	196.689.750
Comunicación	16	256	111.889.875
Construcción	80	1.372	614.778.225
Industria	58	940	314.327.475
Industria agroalimentaria	11	178	65.366.070
Madeira e moble	26	436	179.512.875
Mantemento instalacións	66	1.097	378.904.725
Pesca e acuicultura	1	15	3.972.900
Sanidade	81	1.339	369.264.225
Servicios	507	8.002	1.928.432.040
Téxtil	29	468	137.724.450
Turismo e hostalería	66	1.106	485.021.700
Total	1.305	21.184	6.289.855.035

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Formación ocupacional. Plano FIP. Datos do Censo de Centros Colaboradores. Por provincias. Galicia. 1999-2001
■ Cadro 6.5

	Censados no ano 1999	Censados no ano 2000	Censados no ano 2001
A Coruña	214	239	290
Lugo	157	169	189
Ourense	135	146	158
Pontevedra	230	248	296
Total	736	802	933

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

b) Cursos con compromiso de contratación

Un 8,79% dos recursos asignados a formación de desempregados a través do Plan FIP e un 11,13% do total dos alumnos formados, articúlanse a través dunha fórmula que debería postularse a través da negociación colectiva, a cal é a de "Cursos con compromiso de contratación" (cadro 6.6), desenvolvidos pola empresa ou grupo de empresas que adquieren un compromiso de contratación de polo menos o 60% dos alumnos que participan nestas accións formativas, cunha duración mínima do contrato de 6 meses e por tempo equivalente ou superior a media xornada.

No mesmo cadro reflíctese a distribución provincial de cursos, alumnos e orzamento por sectores de actividade.

**Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de cursos con compromiso de contratación.
Por provincias. Galicia 2001**

■ Cadro 6.6

	Empresas	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	28	35	536	158.747.170
Lugo	14	18	227	59.617.767
Ourense	14	40	608	129.709.705
Pontevedra	15	66	988	205.014.036
Galicia	71	159	2.359	553.088.678

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Cursos con compromiso de contratación. Sectoralización. Ano 2001

■ Cadro 6.7

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Agricultura	3	40	8.856.910
Artesanía	1	10	4.241.000
Automoción	30	462	42.249.165
Comercio, marketing e vendas	16	249	45.867.530
Comunicación	1	10	5.051.200
Construcción	5	76	25.278.330
Industria	32	488	145.300.806
Industria agroalimentaria	2	29	8.356.860
Madeira e moble	4	61	21.953.750
Mantemento instalacións	2	29	8.229.825
Sanidade	16	229	51.409.125
Servicios	19	267	71.766.860
Téxtil	24	351	101.993.317
Turismo e hostalería	4	58	12.534.000
Total	159	2.359	553.088.678

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

c) Cursos Centros Propios

Por último, os cursos impartidos polos Centros Propios da Xunta, representan un 7,48% dos seus recursos económicos, un 7,40% do total de alumnos formados e un 8,37% do total de cursos.

Con cargo ó orzamento do Plan FIP impartíronse na programación de 2001 un total de 155 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 597.670.851 pesetas. Nestes cursos participaron 2.254 alumnos (cadro 6.8).

A programación impartida a través destes centros de formación propios da Xunta, trata de incorporar aquelas especialidades que os centros colaboradores non poden impartir ó non estar homologados, ben nalgúns dos concellos galegos ou nalgúns especialidades, coa finalidade de cubri-las lagoas territoriais e formativas da Programación do Plan FIP.

**Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios.
Por provincias. Galicia. 2001**

■ Cadro 6.8

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	63	948	256.520.725
Lugo	40	607	186.540.075
Ourense	40	515	101.853.851
Pontevedra	12	184	52.756.200
Totais	155	2.254	597.670.851

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

O cadro 6.9 expresa a distribución da mesma modalidade de cursos segundo os sectores.

**Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios.
Por sectores. Galicia. 2001**

■ Cadro 6.9

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	13	198	40.203.200
Agricultura	16	233	63.652.800
Artesanía	2	31	9.900.644
Automoción	2	33	11.757.375
Comercio, marketing e vendas	6	68	20.125.460
Construcción	15	215	66.564.925
Industria	24	342	92.408.685
Industria agroalimentaria	3	50	12.588.900
Madeira e moble	12	177	67.737.825
Mantemento instalacións	16	226	84.920.050
Sanidade	1	15	5.484.375
Servicios	39	573	90.912.637
Téxtil	3	48	11.649.750
Turismo e hostalería	3	45	19.764.225
Total	155	2.254	597.670.581

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

1.2. Outras accións formativas.

Como xa se sinalou e fóra da programación de cursos do Plan FIP, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, por Orde do 28 de marzo de 2001, procedeu a convocar axudas e subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

As accións formativas comprendían dous programas independentes entre si. O primeiro dirixido a desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego, agrupa-

dos en tres subprogramas. Un primeiro subprograma presentado por empresas ou grupos de empresas con compromiso de contratación, e que, polas súas especiais características non se axusten o Plan FIP. Un segundo subprograma, destinado a cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, ou entidades universidade/empresa, dirixidos á mellora da empregabilidade dos titulados universitarios, que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral dos posgraduados. Un terceiro subprograma destinado a accións de carácter experimental (novos filóns de emprego, medio ambiente, novas tecnoloxías de comunicación). Un **segundo programa diríxese a ocupados**. Agrúpanse en dous subprogramas: o primeiro subprograma, plans formulados polos conglomerados industriais ou clúster constituídos no ámbito da Comunidade Autónoma, organismos sectoriais ou paritarios e outras organizacións empresariais e sindicais representativas no ámbito sectorial ou territorial. E segundo subprograma, plans de empresas, individualmente consideradas, que presenten proxectos formativos que poidan considerarse de carácter estratéxico.

Así, como reflicte o cadro 6.10, isto supuxo a realización de 206 cursos, nos que participaron 4.259 alumnos, cun orzamento total de 530.147.955 pesetas.

2. Os centros de formación profesional ocupacional

2.1. Centros colaboradores

O Censo de Centros Colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, onde se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades que obteñan a homologación dalgunha especialidade formativa. Por Decreto 158/2001, regulouse o procedemento para homologación de especialidades formativas e para inscrición no Censo de Centros Colaboradores de Formación Ocupacional da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG. nº 136 do 13.07.2001). Na actualidade hai (cadro 6.5) un total de 933 centros censados.

2.2. Centros propios

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude acometeu investimentos para a adquisición de novas dotacións dos centros de Coia- Vigo, Santiago de Compostela e Santa María de Europa de Ourense.

3. Formación dos docentes de formación profesional ocupacional

3.1. Plan Autonómico de Formación de Formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 424/1996, do 21 de novembro, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude procedeu para 2001 a publica-la Orde do 18 de xuño de 2001 (DOG do 27-06-2001). Non obstante establecérase con anterioridade a obrigatoriedade, a partir da programación de cursos correspondente ó ano 2000, de que tódolos docentes estivesen en posesión dun diploma que acreditase a realización do curso de metodoloxía didáctica, ou ben de calquera outro validado. Obriga que non entrou en vigor nas convocatorias dos anos 2000 e 2001, sendo establecida por Decreto 292/2000, do 21 de decembro (DOG 29.12.2000). Dita norma derogou a citada en primeiro lugar,

Cadro 6.10
**Formación ocupacional.
Accións formativas cofinanciadas polo FSE**

Programas	Cursos	Alumnos	Orzamento
1 Desempregados			
1a Compromisos de contratación			
Fundación Laboral da Construcción	1	12	7.500.000
La Toja, SA	3	45	13.992.075
1b Cursos de posgrao			
Escola de maxisterio de Lugo	1	22	5.500.000
Escola de práctica xurídica	6	144	6.274.000
FEUGA	1	20	13.871.200
Universidade de Santiago de Compostela	1	12	6.000.000
1c Accións de carácter experimental e complementarias do Plan FIP			
Asociación de Empresarios da Construcción de Pontevedra	1	9	8.500.000
F. Fomento cal. ind. e dev. tecn. Galicia	2	31	14.546.000
FOREM - CCOO	7	107	24.655.500
Fundación Int. O Belén	1	31	5.712.000
Fundación Monte do Gozo (Proxecto Home Galicia)	7	109	25.308.988
Fundación Paideia	3	46	11.000.000
2 Ocupados			
2a Plans de formación formulados polos conglomerados industriais ou clúster			
AGAPI Asoc. Galega de Productores Independentes	10	84	12.788.000
Asociación Empresarios do Deza	5	47	7.150.000
Asociación Têxtil de Galicia	5	50	6.155.000
Asociación Provincial de restauración de Santiago	7	101	7.615.000
Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago	1	1.498	24.500.000
CEAGA	3	99	20.433.332
Confederación de Empresarios de Pontevedra	44	651	38.006.000
Federación Galega de Academias	5	75	31.331.465
Federación Galega de Comercio	1	15	18.200.000
Funda. Prom. Innova. Investig. Automoción Galicia	1	15	15.000.000
Instituto enerxético de Galicia-INEGA	1	15	4.700.000
Rodman Polyships, SA	4	62	17.775.000
Sindicato Labrego Galego	8	124	15.918.640
Unión coop. Agrarias de Ferrol-UCAFE	1	15	1.989.830
Unión de cooperativas "AGACA"	8	121	15.918.640
Unións agrarias de Galicia	8	114	15.918.640
Xóvenes agricultores	8	123	15.918.640
2b Empr. Indiv. que presenten proxectos formativos de carácter estratéxico			
Asientos de Galicia, SL	4	60	18.144.350
Bioetanol Galicia, SA	7	64	31.540.919
Celtibox, SA	11	37	23.902.888
Cooperativa ourensana - COREN	6	90	1.384.565
Gestmap Vigo, SA	14	54	20.702.500
Parque Tecnolóxico de Galicia	3	74	13.769.783
Televisión de Galicia, SA	7	83	8.525.000
Total	206	4.259	530.147.955

Fonte: Dirección Xeral de Formacións e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional.

limitou os cursos exclusivamente á formación dos docentes que imparten accións de formación ocupacional da correspondente programación anual e adaptou o programa formativo ás esixencias do aprobado certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional.

No exercicio de 2001, as accións formativas a programar son as seguintes:

I Cursos de carácter monográfico, especialmente dirixidos á especialización e actualización docente.

Continuando co traballo iniciado nos anos anteriores, a Orde do 1 de decembro de 1998 que estableceu a convocatoria pública para a participación na programación de cursos do Plan Autonómico de Formación de Formadores de Formación Ocupacional de 2001 convocou para a súa realización 13 cursos monográficos nos que se esixía como requisito previo o de ter realizado xa o curso de metodoloxía didáctica.

II Cursos de perfeccionamento técnico profesional, que teñen como obxectivo capacitar ós alumnos para o desenvolvemento de tarefas profesionais relacionadas cos contidos dos diferentes cursos de formación ocupacional.

Cada ano o Instituto Nacional de Emprego convoca unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos de formación ocupacional, que se celebran nos centros nacionais de formación ocupacional distribuídos por todo o territorio do Estado. Neste apartado a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación.

4. Inserción Laboral

Por último con referencia ó ano 2000, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ofrece os seguintes datos da inserción laboral.

A situación dos alumnos de formación ocupacional da programación de 2000 que aprobaron é a seguinte:

Sexo	Alumnos aprobados	Atoparon traballo	%
Homes	8.405	5.591	66,52
Mulleres	12.768	6.480	50,75
Total	21.173	12.071	57,01

Continúase sen definir qué debemos entender por inserción laboral derivada da formación e establecer unha metodoloxía que permita analizar e avalialo obxectivo esencial da formación. Non se pode entender por inserción laboral a situación dos alumnos do Plan FIP 2000 con avaliación positiva que, a data do estudo, estiveran de baixa como demandantes de emprego por colocación, outras causas, ou demanda suspendida, posto que os tres casos supoñen que deixan de considerarse como parados rexistrados. É necesario buscar un indicador máis acertado. As ordes polas que se aprobaban o programa de fomento da contratación por conta allea para os últimos anos, establecía, como axuda á contratación indefinida inicial, a xornada com-

pleta ou parcial e a contratación inicial dos colectivos de desempregados obxecto de protección, a isto se complementaba ou sumaba con outra axuda, dun maior importe, cando se trataba da contratación de desempregados que realizaran cursos do Plan FIP nas programacións correspondentes a tales anos. Os datos que ofrece tal formulación son facilmente accesibles, unidos ós que se determinaran as demais modalidades contractuais, e unidos ó seguimento doutras alternativas de emprego, que relacionasen a formación impartida coa posterior colocación, de maneira directa ou indirecta, nun período temporal prudencial tralas accións formativas, permitiría aproximarse a un razoable estudio da inserción conseguida por esta concreta acción, permitindo afinar, coas demais medidas xa comentadas, os sucesivos programas anuais. A tal fin resultan de sumo interese os estudos de mercado laboral por provincia publicados. Tales estudos delimitan por áreas funcionais o paro rexistrado, as ofertas de emprego recibidas no Servicio Galego de Colocación, as demandas de emprego e os centros homologados para a formación. Tales instrumentos permiten axotar ou delimita-la acción formativa eficaz, a tendente a realizar axilmente unha formación demandada e vincular a un obxectivo apreciable de inserción profesional, claramente verificable por tales indicadores.

O cadro 6.11 permítenos, aínda con tales reservas, observar que a porcentaxe media de inserción laboral FIP foi do 57,01%, e que dita media é superada no sector de automoción (96,42%), seguido da Industria (78,12%), Têxtil (66,87%) e Mantemento de instalacións (63,22%), Comercio, marketing e vendas (61,37%), Construcción (61,09%) e Industria Agroalimentaria (58,74%). Por provincias (cadro 6.12). A única que supera dito promedio é a de Pontevedra (65,38%). O cadro 6.13 ofrécenos o mesmo dato con referencia ó nivel académico de orixe do alumnado en formación, superando a media galega de inserción os alumnos que aprobaron cursos de formación ocupacional FIP de FP nivel 2, Bacharelato elemental, FP nivel I, EXB, BUP e Graduado Escolar.

Tales resultados melloran notablemente cando nos referimos a cursos de formación con compromiso de contratación, que aínda que porcentualmente escasos no global da formación ocupacional, arrojan unha media de inserción laboral (cadro 6.14) do 90,64%.

6.2.2. A Formación Ocupacional en 2001. **Anuario de Estatísticas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais**

Conforme avanzamos ó comenta-los datos do informe da Xunta de Galicia, aquelas estatísticas e as elaboradas polo Ministerio a través dos datos remitidos pola mesma Xunta de Galicia, permitirán ofrecer aspectos e puntos de vista distintos (segundo as fontes e notas explicativas do Anuario, a información relativa ós cursos do Plan FIP refírese ós cursos terminados no período de referencia, é dicir, a 31.12.2001, data na que aínda non rematou a programación do Plan FIP), que nos permiten ofrecer unha análise complementaria da anterior, e en concreto, con referencia ó Plan FIP, coñece-lo perfil dos alumnos formados, por sexo, idade, o seu nivel educativo, a súa situación laboral e outros. Tamén permitíanos coñecer a qué obxectivos se dirixe esencialmente a formación desenvolvida en Galicia. Sen embargo, dita información xa se nos ofrece na estatística do Ministerio, desapareceu a partires de 2001, polo que non podemos analizar neste informe as referidas peculiaridades.

**Alumnos formados contratados e percentaxe de inserción.
Por familia profesional. Galicia 2001**

■ Cadro 6.11

	Formados	Contratados	Inserción %
Agraria	705	318	45,11
Administración e oficinas	2.974	1.399	47,04
Artesanía	299	101	33,78
Automoción	1.871	1.804	96,42
Comercio	1.152	707	61,37
Docencia e investigación	1.175	464	39,49
Servicios ás empresas	3.992	1.961	49,12
Edificación e obras públicas	843	515	61,09
Fabricación de equipos electromecánicos	166	106	63,86
Industrias agroalimentarias	143	84	58,74
Industrias gráficas	59	31	52,54
Información e manifestacións artísticas	163	86	52,76
Industria pesada e construcións metálicas	681	564	82,82
Industrias químicas	82	54	65,85
Industrias téxtis, da pel e o coiro	993	664	66,87
Industrias da madeira e a cortiza	473	242	51,16
Montaxes e instalacións	613	387	63,13
Mantemento e reparación	189	120	63,49
Industrias manufactureiras diversas	118	112	94,92
Producción, transformación e distribución de enerxía e auga	32	22	68,75
Sanidade	1.344	658	48,96
Seguros e finanzas	264	117	44,32
Servicios á comunidade e persoais	1.285	633	49,26
Transportes e comunicacións	492	348	70,73
Turismo e hostalería	1.065	574	53,90
Total	21.173	12.071	57,01

Fonte: Base de datos do FORCEM

6.3. Formación continua.

Rematada a vixencia dos II Acordos de Formación Continua, asinados en decembro de 1996 por un período de catro anos, conveuse a súa renovación, cunha vixencia temporal, que comezou a partir do ano 2001 e rematará o 31 de decembro de 2004, manténdose en boa medida os principios e liñas esenciais da formación continua precedente. A formación continua configúrase como un instrumento esencial para garanti-la formación ó longo da vida; a necesaria adaptación dos traballadores e das empresas á nova sociedade baseada no coñecemento e o mantemento da capacidade profesional dos traballadores nos supostos de cambios e mutacións dos procesos productivos.

O III Acordo consolida o protagonismo das organizacións empresariais e sindicais no desenvolvemento do sistema e a articulación do mesmo en base, principalmente, á negociación colectiva sectorial, reforzando, polo tanto, o diálogo social, como instrumento esencial para a regulación e funcionamento de ámbitos moi importantes das relacións laborais. O modelo xa vixente adecúase á Estratexia

Europea de Emprego, nacida a raíz do Cumio Europeo sobre o Emprego de Luxemburgo, que outorga ós interlocutores sociais un papel fundamental e crecente na configuración e posta en práctica da formación ó longo da vida, elemento fundamental da adaptabilidade das empresas ó novo entorno económico.

Alumnos formados contratados e porcentaxe de inserción. Por sector. Galicia 2001

■ Cadro 6.12

	Formados	Contratados	Inserción %
Administración e oficinas	2.974	1.399	47,04
Agricultura	705	318	45,11
Artesanía	299	101	33,78
Automoción	1.871	1.804	96,42
Comercio, marketing e vendas	1.152	707	61,37
Comunicación	163	86	52,76
Construcción	843	515	61,09
Industria	1.138	889	78,12
Industria agroalimentaria	143	84	58,74
Madeira e moble	473	242	51,16
Mantemento e instalacións	802	507	63,22
Sanidade	1.344	658	48,96
Servicios	7.208	3.523	48,88
Téxtil	993	664	66,87
Turismo e hostalería	1.065	574	53,90
Total	21.173	12.071	57,01

Fonte: Base de datos do FORCEM

Alumnos formados contratados e porcentaxe de inserción. Por provincias. Galicia 2001

■ Cadro 6.13

	Formados	Contratados	Inserción %
A Coruña	6.612	3.663	55,40
Lugo	3.706	1.903	51,35
Ourense	3.451	1.664	48,22
Pontevedra	7.404	4.841	65,38
Total	21.173	12.071	57,01

Fonte: Base de datos do FORCEM

O novo Acordo Tripartito introduce modificacións que permitirán un mellor acceso das empresas e traballadores que se podan beneficiar do Sistema de Formación Continua e a súa adaptación ás necesidades de formación dos traballadores:

Consideración específica de Plans de Formación Profesional para a Economía Social, tendo en conta o seu maior desenvolvemento e as súas particularidades, aínda cando dito sector tivo acceso ás Axudas de Formación Continua.

Número de planos de formación e financiación según tipo de plano e fases de tramitación. España. 2001

■ **Cadro 6.14**

	Formados	Contratados	Inserción %
Bacharelato elemental	713	473	66,34
Bacharelato superior	512	251	49,02
Bacharelato Unificado Polivalente	1.872	1.111	59,35
Certificado de escolaridade	1.532	871	56,85
Curso de Orientación Universitaria	2.074	970	46,77
Educación Xeral Básica	897	539	60,09
Estudios primarios sen certificado	559	269	48,12
Formación Profesional Nivel 1	1.984	1.308	65,93
Formación Profesional Nivel 2	2.884	1.916	66,44
Graduado Escolar	3.752	2.165	57,70
Preuniversitario	253	139	54,94
Sen alfabetizar	28	13	46,43
Título de Grao Medio	2.129	1.077	50,59
Título de Grao Superior	1.984	969	48,84
Total	21.173	12.071	57,01

En miles de euros

Fuente: Base de Datos de FORCEM

Compromisos orzamentarios específicos para dotar de formación a traballadores que, nin eles nin as empresas en que traballan, teñen a obriga legal de cotizar pola continxencia de Formación Profesional, consolidándose así un dos principios que configuran o noso modelo social: o principio de solidariedade entre quen aportan recursos e quen se benefician do sistema.

Asignación da parte de Cota de Formación Profesional que se destinará anualmente a formación de desempregados e a formación de ocupados, de acordo coa evolución do mercado de traballo e ás necesidades de formación de cada grupo.

Adecuación das Axudas de Formación Continua ás prioridades de formación de traballadores marcadas na Estratexia Europea de Emprego e Fondo Social Europeo.

Por tales acordos o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais asinantes do presente Acordo conveñen en que, a partir do 1 de xaneiro do ano 2001, da vixente Cota de Formación Profesional (0,70 por 100 sobre a base de accidentes de traballo e enfermidades profesionais) afectarase, como mínimo, un 0,35 a financiamento das Iniciativas de Formación de Traballadores Ocupados, tanto do sector público como privado, que se desenvolvan conforme ó establecido na normativa reguladora do Subsistema de Formación Continua e do III Acordo Nacional de Formación Continua. A parte restante ata completa-lo 0,70 dedicarase a formación profesional de desempregados.

As Iniciativas de Formación Continua, financiadas ó abeiro do presente Acordo e de conformidade co establecido no III Acordo Nacional, son:

■ **Plans de Formación de Empresas**, presentados por empresas de 100 ou máis traballadores.

■ **Plans de Formación Agrupados** de ámbito sectorial, dirixidos a dúas ou máis empresas do mesmo sector, que agrupen, no seu conxunto, o número mínimo e máximo de participantes que, no seu caso, se estableza na correspondente convocatoria.

Poderán ser solicitantes destes Plans:

a) Calquera das **empresas agrupadas no Plan de Formación**, que solicite a subvención no seu nome e en representación doutras do mesmo sector, acreditando dita representación mediante a presentación dos correspondentes documentos de apoderamento.

b) As **organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como as representativas no ámbito sectorial e territorial igual ou superior ó que pertencen as empresas ou colectivos que conformen o plan**. Para estes efectos acreditarase a representatividade das referidas organizacións en virtude da súa participación na negociación colectiva directamente a través das organizacións que as integran.

Poderán, así mesmo, solicitar plans agrupados para os seus respectivos ámbitos as fundacións bipartitas nadas ou amparadas na negociación colectiva sectorial estatal e que estatutariamente teñan encomendada a formación dos traballadores.

c) Cando as empresas agrupadas pertencentes ó mesmo sector sexan cooperativas e/ou sociedades laborais, *poderán solicitar estes plans as súas organizacións* sempre que teñan notable implantación no ámbito sectorial igual ou superior ó que pertencen as empresas e colectivos que conformen o plan.

O solicitante dun plan agrupado ostentará a representación do conxunto das empresas agrupadas e asumirá os dereitos e obrigas derivados da concesión das axudas públicas.

■ **Plans intersectoriais**, que terán por obxecto a formación dos traballadores en competencias transversais e horizontais a varios sectores da actividade económica. Poderán presentar plans intersectoriais as organizacións empresariais e/ou sindicais máis representativas no ámbito territorial correspondente.

■ **Plans de formación específicos da economía social**. Dadas as especiais características da economía social e sen prexuízo do establecido para os plans de formación de empresa e plans de formación agrupados, poderanse presentar plans de formación, de ámbito estatal ou autonómico dirixidos a dúas ou máis cooperativas e/ou sociedades laborais que, sen pertencer a un mesmo sector productivo, atendan demandas formativas derivadas da natureza xurídica daquelas ou de necesidades de carácter transversal.

Poderán solicitar estes plans as federacións e confederacións de cooperativas e/ou sociedades laborais con notable implantación no ámbito estatal ou autonómico ás que se dirixa o plan.

■ Medidas complementarias e de acompañamento á formación que pretendan a realización de estudos de detección de necesidades formativas, a elaboración de ferramentas e/ou metodoloxías aplicables á formación continua. Anualmente farase unha convocatoria pública na que se especificarán os estudos, ferramentas e metodoloxía das que a súa realización se considere necesaria para o mellor funcionamento e eficacia da formación continua. Teranse en consideración as propostas que neste sentido podan realiza-las comisións paritarias sectoriais correspondentes.

■ Sen prexuízo do anterior, excepcionalmente poderanse solicitar axudas para realizar outros estudos ou proxectos que, non sendo previstos en dita convocatoria, se consideren de interese para a formación continua.

■ En ámbolos casos poderán ser solicitantes das axudas para financiar as medidas complementarias e de acompañamento calquera empresa, entidade ou organización que, observando as bases e criterios para a súa concesión, se axusten ós obxectivos esixidos para este tipo de iniciativas.

Estableceranse as medidas oportunas para que o resultado das accións complementarias e de acompañamento á formación continua repercuta na mellora do sistema, debendo garantirse para isto a súa máxima difusión.

■ **Permisos individuais de formación**, dirixidos a traballadores asalariados que pretendan o desenvolvemento ou adaptación das súas cualificacións técnico-profesionais ou a súa formación persoal, cando ditas formacións estean recoñecidas nunha titulación oficial.

Poderán tamén acceder ás axudas de formación continua reguladas neste acordo, **os traballadores encadrados no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, os Autónomos e os que, aínda non estando ocupados se atopen nalgunha das seguintes situacións:**

■ Traballadores a tempo parcial (fixos discontinuos) nos seus períodos de non ocupación.

■ Traballadores que pasen a situación de desemprego cando se encontren en período formativo.

■ Traballadores acollidos a regulación de Emprego nos seus períodos de suspensión de emprego, cos requisitos e características que en cada caso se determinen polo INEM.

As iniciativas de formación financiaranse coa parte de cota de formación profesional destinada a tal fin, así como coas contribucións realizadas polo Fondo Social Europeo no marco dos programas operativos. A tal efecto, a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego establecerá os mecanismos e procedementos de xestión oportunos co fin de observar o cumprimento da normativa comunitaria, tanto na regulación xeral establecida nos regulamentos xerais e do Fondo Social Europeo, como no específico sobre Axudas á Formación nas Empresas. Anualmente estableceranse as convocatorias de Axudas para a Formación Continua nas que se determinarán as prioridades en relación cos beneficiarios destinatarios das axudas, as accións formativas a desenvolver, dentro das modalidades previstas neste acordo, tendo en conta o establecido no Plan Nacional de Acción para o Emprego, na Estratexia Europea de Emprego, os obxectivos marcados polo Fondo Social Europeo (FSE) e os criterios e prioridades establecidos polas comisións paritarias correspondentes.

O pago das axudas realizarase polo INEM, previa resolución administrativa da dirección xeral de dito organismo autónomo. A determinación do importe das axudas de formación continua realizarase mediante módulos obxectivos que se aplicarán en función do número de participantes e das horas de formación impartidas, nos supostos de plans de formación, ou de calquera outro parámetro obxectivable no suposto de medidas complementarias e de acompañamento á formación.

A convocatoria de plans de formación para 2001 enmárcase no contexto descrito. Os plans responden á iniciativa de formación continua desenvolvida polas empresas, os traballadores e as súas respectivas organizacións; ten por finalidade a cualificación, recualificación e o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores, así como a mellora da competitividade das empresas.

Diferenciamos os Plans de Formación de Demanda, que teñen por obxecto o desenvolvemento de accións formativas que contribúan á mellora de competencias e cualificacións profesionais xerais e específicas para os traballadores e as empresas. A convocatoria de plans de demanda contempla a existencia de cofinanciación privada, segundo o tipo de solicitude que se presente.

A través desta convocatoria fináncianse diferentes tipos de plans de formación:

- Plan de Empresa
- Plan Agrupado Sectorial
- Plan Específico de Economía Social.

Pola súa parte os Plans de Formación de Oferta, teñen por obxecto o desenvolvemento de accións formativas que supoñan a mellora de competencias profesionais e que ofrezan cualificacións transferibles entre empresas de distintos sectores ou ramas de actividade e entre distintos ámbitos laborais. Dentro deste tipo de plans encóntranse tamén os Plans Intersectoriais. A convocatoria de plans de oferta non contempla xustificación de cofinanciación privada.

Á data de peche do informe o Forcem, non pode subministrar aínda datos relativos a participantes, nin a centros de traballo, nin colectivos, nin áreas funcionais, nin provincia ou empresas. A única información da que dispón e con carácter provisional é a que a continuación compón os cadros 6.15 a 6.19, que pola súa xeneralidade coméntanse por si sos.

Número de planos de formación e financiación según tipo de plano e fases de tramitación. España. 2001

■ Cadro 6.15

	Planos Solicitados	Financiación Solicitada	Planos Aprobados	Financiación Aprobada
Plano de Empresa	2.002	285.504,05	1.609	80.428,93
Plano de Grupo de Empresas	899	188.363,59	742	50.124,06
Plano Agrupado	1.972	1.153.611,76	1.358	230.816,02
Plano de Economía Social	19	10.904,22	12	2.190,70
Plano de Oferta	2.096	2.544.952,92	1.457	276.814,48
TOTAL	6.988	4.183.336,54	5.178	640.374,19

En miles de euros

Fonte: Base de Datos de FORCEM

Número de planos de formación e financiación segundo tipo de plano e fases de tramitación. Galicia. 2001

■ **Cadro 6.16**

	Planos solicitados	Financiación solicitada	Planos aprobados	Financiación aprobada
Plano de empresa	77	7.861,52	63	2.554,07
Plano de grupo de empresas	52	8.164,94	35	1.539,84
Plano agrupado	55	31.843,31	34	6.992,00
Plano de economía social				
Plano de oferta	186	177.373,21	152	20.568,17
Total	370	225.242,98	284	31.654,08

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

Número de planos de formación e financiación segundo tipo de plano e fases de tramitación. España. 2001

■ **Cadro 6.17**

	Planos solicitados	Financiación solicitada	Planos aprobados	Financiación aprobada
Plano de demanda	4.692	1.638.383,61	3.721	363.559,70
Plano de oferta	2.096	2.544.952,92	1.457	276.814,48
Total	6.788	4.183.336,53	5.178	640.374,18

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

Número de planos de formación e financiación segundo tipo de plano e fases de tramitación. Galicia. 2001

■ **Cadro 6.18**

	Planos solicitados	Financiación solicitada	Planos aprobados	Financiación aprobada
Plano de demanda	184	47.869,77	132	11.085,92
Plano de oferta	186	177.373,21	152	20.568,17
Total	370	225.242,98	284	31.654,09

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

■ Cadro 6.19

Número de permisos individuais de formación, horas, financiación aprobada e certificada, segundo comunidade autónoma do centro de traballo.2001

	Nº de PIF solicitados			Nº de PIF solicitados			Financiación aprobada	Nº de PIF solicitados			Financiación certificada
	nº casos	% PIF Total solíc.	Horas solicitadas	nº casos	% PIF Total aprob.	Horas aprobadas		nº casos	% PIF Total certif.	Horas certificadas	
Andalucía	115	8,10	14.648	98	8,48	14.353	258.408	90	8,20	11.162	222.902
Aragón	42	2,96	5.686	32	2,77	5.674	74.349	28	2,55	3.163	50.929
Asturias	23	1,62	3.106	21	1,82	3.170	47.481	21	1,91	2.905	45.231
Baleares	15	1,06	2.209	15	1,30	2.209	48.598	15	1,37	1.611	35.770
Canarias	34	2,39	4.184	25	2,16	3.847	65.944	24	2,19	2.584	57.635
Cantabria	3	0,21	317	3	0,26	280	3.684	3	0,27	267	3.532
C. León	76	5,35	11.193	68	5,88	10.745	147.111	67	6,11	8.509	122.763
C. A Mancha	18	1,27	2.558	17	1,47	2.557	45.177	16	1,46	2.040	40.336
Cataluña	416	29,30	55.917	346	29,93	55.624	963.984	327	29,81	40.793	829.932
C. Valenciana	142	10,00	21.393	120	10,38	19.324	302.527	114	10,39	14.947	257.318
Extremadura	6	0,42	830	6	0,52	824	20.234	6	0,55	692	17.583
Galicia	32	2,25	4.701	24	2,08	4.653	64.024	24	2,19	2.789	47.836
Madrid	288	20,28	37.758	243	21,02	37.568	687.840	229	20,88	27.277	581.516
Murcia	9	0,63	1.357	8	0,69	1.357	19.224	8	0,73	1.086	17.799
Navarra	49	3,45	6.294	42	3,63	6.294	106.029	40	3,65	3.471	68.619
País Vasco	125	8,80	18.687	75	6,49	15.961	205.885	73	6,65	8.087	154.692
A Ríoxa	8	0,56	920	6	0,52	914	16.376	6	0,55	647	11.735
sin asignar	19	1,34	957	7	0,61	701	12.693	6	0,55	353	6.333
España	1.420	10,00	192.714	1.156	10,00	186.055	3.089.567	1.097	10,00	132.382	2.572.463

(1) Datos provisionais ó 9 de xullo de 2002

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

Escolas Obradoiro e Casas de Oficio

Baixo a programación de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio beneficiáronse das accións formativas das 52 entidades desta natureza, 2.312 xoves desempregados menores de 25 anos (en 2000, 1.501), aumentando o número de alumnos formados no ano precedente. A distribución do alumnado segundo sexo foi do 70% nos homes e do 30% nas mulleres (cadro 6.20).

Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego

■ Cadro 6.20

	Nº EEOO CCOO e OOE	Nº alumnos
En funcionamento a 01.01.2001	47	1.907
Rematadas a 31.12.2001	44	1.782
Iniciadas en 2001	55	2.280
En vigor a 31.12.2001	59	2.445

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Programas de Cooperación con Entidades Locais.

Dentro das previsións dos acordos para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, establécense Programas de cooperación para xeración de novas actividades económicas e, polo tanto, de novos empregos no ámbito local e rural. A esta finalidade asígnouse un orzamento aproximado de 6.500 millóns de pesetas.

O resumo de entidades e traballadores axeitado amósase no cadro 6.21.

Resumo - programas de cooperación con entidades locais

■ Cadro 6.21

Denominación do programa	Entidades	Traballadores
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	332	4.965
Axudas para a contratación de técnicos locais de emprego	233	259
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos	50	266
Totais	615	5.490

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

6.4. Outras políticas activas de Emprego. Balance de resultados 2001

Os datos contidos neste epígrafe proceden do documento “Medidas activas de emprego. Balance de resultados 2001”, en execución dos Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001.

Os orzamentos e o número de beneficiarios do conxunto de medidas, foron os que se reflicten nos seguinte cadros-resumo.

	Nº beneficiarios	Orzamentos (en millóns)
Fomento do emprego e a estabilidade	17.397	6.020
Economía social e autoemprego	8.929	4.393
Programas de cooperación	9.792	10.292
Totais	119.548	27.877

6.4.1. Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral (Cadro 6.22)

No marco das Medidas Activas de Emprego 1998-2001, as accións dirixidas á contratación por conta allea ten como finalidade favorece-la estabilidade e a creación de emprego e facilita-la inserción laboral de desempregados con maiores dificultades no mercado de traballo, complementando a comunidade autónoma os incentivos e subvencións establecidas polas medidas estais de fomento do emprego.

O conxunto de actuacións neste ámbito, concrétnanse en primeiro lugar, no cadro seguinte:

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral Galicia 2001		
Procedemento	Nº expedientes	Nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	357	388
Fomento da contratación indefinida	8.379	14.428
Fomento contratos en prácticas	1.843	2.169
Conciliación da vida laboral e familiar	333	210
Contratación traballadores en risco de exclusión social	34	345
Totais	10.972	17.397

Para a valoración de tales medidas remitímonos ó xa dito no capítulo de contratación.

Xa observamos no cadro 5.28 que o total de contratos realizados para o fomento da contratación indefinida, sumando os de contratación inicial dos colectivos de difícil inserción, máis a transformación de contratos temporais, arroxaba un total de 24.542. A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude subvencionou deles, 14.428 contratos.

Outra liña de subvención diríxese a potencia-los contratos en prácticas, xa examinados no capítulo 5, apartado 5.2.6. Os seus obxectivos son mellora-la duración desta contratación como mínimo a un tempo non inferior a doce meses e ó tempo incentiva-la contratación en prácticas vinculada a proxectos de I+D. O número de traballadores receptores deste programa foi de 2.169 (2000: 1906).

As accións vinculadas a I+D supuxeron a realización de contratos de prácticas para 35 xoves titulados.

Outra liña diríxese a subvenciona-la substitución de traballadores por causa de maternidade, adopción e acollemento e por excedencia para o coidado de fillos. Complementáanse mediante tales axudas as bonificacións establecidas en materia de seguridade co obxectivo de traslada-lo custo de tal continxencia ó público na pretensión de minora-los seus efectos sobre o empresario, no contexto das medi-

**Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral:
Distribución por áreas funcionais**

■ **Cadro 6.22**

A CORUÑA		
Áreas funcionais	Beneficiarios	Investimento
A Coruña	3.098	982.806.080
Barbanza	341	99.004.863
Bergantiños	323	109.786.352
Betanzos	185	54.435.710
Ferrol - As Pontes	900	323.533.496
Ordes	220	70.009.346
Santiago de Compostela	1.658	555.062.916
Terra de Melide	90	31.419.938
Terra de Soneira	158	50.329.822
Totais	6.973	2.276.388.523

LUGO		
Áreas funcionais	Beneficiarios	Investimento
A Mariña	348	113.132.305
Chantada-A Ulloa	81	29.576.701
Lugo	1.294	458.051.603
Os Ancares	34	13.788.928
Sarria	220	99.352.022
Terra de Lemos - Quiroga	177	57.597.826
Terra Chá	196	65.496.859
Totais	2.350	836.996.244

OURENSE		
Áreas funcionais	Beneficiarios	Investimento
A Limia	70	25.716.025
O Carballiño	94	36.810.000
O Ribeiro	34	10.589.704
Ourense	1.259	436.597.411
Terra de Celanova	59	20.278.228
Terra de Trives	22	14.400.000
Valdeorras	55	18.875.994
Verín	35	12.421.030
Viana do Bolo	11	3.243.718
Totais	1.639	578.932.110

PONTEVEDRA		
Áreas funcionais	Beneficiarios	Investimento
Baixo Miño	194	67.316.124
Caldas de Reis	138	46.871.223
O Condado	162	61.264.962
O Deza	309	120.235.982
O Morrazo	204	67.045.510
O Salnés	494	170.136.934
Paradanta	30	8.961.583
Pontevedra	1.021	362.432.486
Tabeirós-T. Montes	113	41.839.146
Vigo	3.770	1.382.471.468
Totais	6.435	2.328.575.418

TOTAL GALICIA	17.397	6.020.892.295
----------------------	---------------	----------------------

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

das estatais implantadas en 1998 e facilita-la substitución de traballadores por causa de maternidade-paternidade. Con tal finalidade, concedéronse axudas a empresas para 345 traballadores acollidos a tales medidas.

Por último, concedéronse 67 axudas para outros tantos traballadores de difícil reinsertión ou en perigo de exclusión social. O traballador tipo é predominantemente home, menor de 30 anos, que é contratado por unha empresa do sector servizos.

6.4.2. Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego

a) Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais

As medidas de fomento do emprego complétanse con medidas de apoio a novas iniciativas e fórmulas empresariais que se engloban baixo o concepto de economía social (cooperativas, sociedades anónimas laborais, autónomos, ILE, etc.).

En 2001 beneficiáronse 8.929 (2000: 7.545) traballadores das axudas ó autoemprego e á economía social.

Destas medidas, 288 cooperativas e sociedades laborais galegas e 1.368 traballadores beneficiáronse das axudas ó programa de promoción do emprego en cooperativas e sociedades anónimas laborais. Ademais, 956 traballadores percibiron axudas pola capitalización da súa prestación de desemprego co obxecto de incorporarse a unha cooperativa ou sociedade laboral.

○ 83% das axudas foron concedidas a sociedades limitadas laborais, o 16% a cooperativas e o 1% a sociedades anónimas laborais.

○ 56% das axudas foron pola incorporación de socios traballadores, o 21% foron subvencións financeiras de redución de xuros, o 4% asistencias técnicas e o 19% axudas excepcionais para financiar parcialmente investimentos en activos fixos.

As rendas para o inicio da actividade configuráronse como unha axuda ós desempregados para adquisición da condición de socio traballador dunha cooperativa de traballo ou sociedade laboral. O 73% desta renda incorporouse a unha sociedade limitada laboral. Un 26% a unha cooperativa e un 1% a unha sociedade anónima laboral, predominantemente dos sectores de servizos e industrial. O 55% dos beneficiarios son homes. Por idades, obsérvase que o 44% son menores de 30 anos; o 40% do grupo entre 30 a 45 anos e un 16% son maiores de 45 anos. O grupo máis numeroso (66%) leva menos de seis meses en desemprego.

b) Abono de cotas ós perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único

Dos 391 beneficiarios de aboamento de cotas á Seguridade Social, 317 son homes e 74 mulleres, dos que a meirande parte son maiores de 30 e menores de 45 anos.